


# ALIANZA

GALEGA

## POLOS SERVIZOS SOCIAIS PÚBLICOS PARA MAIORES E DEPENDENTES

Videokonferencia de Prensa

## Convócanse ‘Marchas Cívicas’ nas principais cidades de Galicia para o 11 de xuño. En homenaxe as vítimas da pandemia e en reivindicación duns servizos sociais plenamente públicos.



A ‘Alianza Galega polos Servizos Sociais Públicos para Maiores e Dependentes’ (AGSSP) constituíuse para defender uns **servizos sociais** (residencias, servizos de atención no fogar, servizos de día, ...) **de calidade, diversificados, en número suficiente, de proximidade e ao alcance de todos, e plenamente públicos, dirixidos aos maiores e os dependentes.** A ‘Alianza’ está constituída, inicialmente, polos seguintes colectivos sociais: **REDE** (Federación Galega de Asociacións de Usuarias e Familiares de Usuarias das Residencias e da Dependencia); **TReGa** (Traballadoras das Residencias de Galicia); e **MODEPEN** (Movemento en Defensa das Pensións e os Servizos Públicos); tres colectivos sociais que, respectivamente, tentamos defender, e en certa medida representar, os intereses dos usuarios das residencias e dos servizos de dependencia, e dos seus familiares; das persoas que traballan nas residencias; así como os das persoas pensionistas maiores, que na súa grande maioría teñen 65 ou máis anos e/ou son dependentes.

Usuarias e familiares de usuarias de residencias, traballadoras de xerátricos e de servizos da dependencia, e pensionistas (colectivos integrados na plataforma **ALIANZA** Galega polos Servizos Sociais Públicos para Maiores e Dependentes, AGSSP), convocan varias ‘**Marchas Cívicas**’ a desenvolver primeiramente o próximo **xoves, 11 de xuño**, nas sete principais cidades galegas: **Vigo, A Coruña, Ourense, Lugo, Santiago de Compostela, Pontevedra e Ferrol.**


Dous son os propósitos fundamentais da convocatoria das ‘Marchas Cívicas’: **rendir homenaxe as vítimas e afectadas** pola pandemia do coronavirus ou polas irresponsabilidades, negligencias ou malas prácticas nas residencias e demais servizos da dependencia; e **reivindicar o aceiramento dun modelo de servizos sociais plenamente públicos**, asequibles, de calidade e de proximidade, en contraposición do arquetipo actual, ferozmente privatizado na postrema década, en mans de empresas ou sociedades usureiras, moitas delas fondos de inversión ligados aos paraísos fiscaís.

As cifras oficiais, dadas pola Consellería de Sanidade (a 20-maio-2020), indican que **o 44,6% das 608 persoas falecidas en Galicia pola ‘covid19’ vivían nas residencias para maiores e dependentes.** Lamentablemente, **a Xunta de Galicia segue a ser oscurantista e tramposa** na reprodución das cifras por residencias. Mentras recalca que en DomusVi San Lázaro hai 22 mortos, a reali-

# ALIANZA

GALEGA

## POLOS SERVIZOS SOCIAIS PÚBLICOS PARA MAIORES E DEPENDENTES



*“Dous son os propósitos  
fundamentáis da  
convocatoria das  
‘Marchas Cívicas’: rendir  
homenaxe as vítimas  
e afectadas pola  
pandemia do  
coronavirus ou polas  
irresponsabilidades,  
neglixencias ou malas  
prácticas nas  
residencias e demais  
servizos da  
dependencia;  
e reivindicar  
o aceiramento dun  
modelo de servizos  
sociais plenamente  
públicos, asequibles,  
de calidade  
e de proximidade,  
en contraposición  
do arquetipo actual,  
ferozmente privatizado”*

dade cruel indica que aí residían 51 persoas agora falecidas; que na residencia intervida do Barco, hai 14 mortos e non 1; que na residencia de Celanova hai 11 persoas falecidas, non 1; e que entre DomusVi Barreiro e DomusVi Aldán hai 56 mortes, e non 32 como indican as fontes oficiais.

Esta práctica opaca e ruín, súmase as contempladas na xestión da pandemia polas empresas, máis a **vulneración de dereitos humanos e de dereitos laborais**, denunciadas dende hai moitos anos por familiares e traballadoras, **respondidas con desidia, inacción ou conivencia coas directivas das empresas polos órganos de inspección e vixilancia da Xunta de Galicia.**

Familiares, traballadoras e pensionistas denunciámos tamén a **brutal privatización dos servizos sociais dirixidos aos maiores e dependentes**, e manifestámonos contra ela. E ese sesgo privatizador ten unhas consecuencias demoledoras na realidade actual das residencias galegas: **neste momento hai en Galicia un total de 24.819 prazas en residenciais**, das que o 39,5% son propiedade de empresas privadas con ánimo de lucro (básicamente DomusVi, Orpea, Ballezol, Sanitas); o 38,2% de empresas privadas sen ánimo de lucro (Fundación San Rosendo, Hermanitas dos Anciáns Desamparados, etc.); o 6,5% son de titularidade pública e xestión privada; e só o 15,7% son residencias de titularidade e xestión plenamente públicas.

Existen claras evidencias ou indicios de que **esa privatización xogou un papel determinante na elevada mortalidade ocorrida nas residencias galegas**. Analizando os datos (escuras e parciais) facilitados pola propia Xunta de Galicia, comprobamos que, durante a pandemia de covid19, **a probabilidade de morte das persoas que vivían nas residencias de xestión privada foi 24 veces máis elevada da existente entre as persoas que vivían en residencias de titularidade e xestión plenamente públicas.**


### **Marchas Cívicas: Concepto e organización**

Por estes motivos expostos, coa intención de ter presentes sempre ás vítimas e afectadas na pandemia e que a sociedade galega tome conciencia dos desastrosos resultados das privatizacións dos servizos sociais, así como as consecuencias negativas para a calidade da democracia das opacidades institucional e empresarial... familia-

# ALIANZA

GALEGA

## POLOS SERVIZOS SOCIAIS PÚBLICOS PARA MAIORES E DEPENDENTES



*“A probabilidade de morte das persoas que vivían nas residencias de xestión privada foi 24 veces máis elevada da existente entre as persoas que vivían en residencias de titularidade e xestión plenamente públicas”*

*“Pedímoslles a todas as persoas que estean de acordo cos obxectivos das ‘Marchas Cívicas’ que participen nelas, e esa petición estendémoslla tamén a todos os colectivos sociais, veciñais, sindicais, políticos, profesionais... que tamén os compartan”*

res, traballadoras e pensionistas convocamos ‘Marchas Cívicas’, concepto co que queremos resaltar varios aspectos que consideramos importantes:

- **As marchas só se realizarán se contan con todos os permisos** legais preceptivos nestes tempos da ‘covid19’;
- Pedímoslle a todos e todas as participantes nas marchas **que se organicen en ringleiras mantendo a distancia de seguridade de 2 metros entre as persoas, que leven máscaras de protección, e que sigan as instrucións do servizo de orde**;
- As persoas do servizo de orde irán con chaleques identificativos, levarán máscaras de protección, disporán de solucións hidroalcohólicas para hixiene de mans, e repartirán entre os participantes cintas de 2 metros para axudar a manter a distancia de seguridade.

Haberá unha única pancarta inicial cos obxectivos das ‘Marchas Cívicas’: “En homenaxe ás vítimas por Covid-19 nas residencias” e “Contra a privatización e por uns servizos sociais plenamente públicos”, e **solicitámoslle a todas e todos os participantes nas ‘Marchas’ que non utilicen faixas ou bandeirolas específicos dos colectivos dos que poidan facer parte.**

Pedímoslles a todas as persoas que estean de acordo cos obxectivos das ‘Marchas Cívicas’ **que participen nelas**, e esa petición estendémoslla tamén a todos os colectivos sociais, veciñais, sindicais, políticos, profesionais... que tamén os compartan.

Os datos concretos do lugar e a hora da convocatoria das ‘Marchas Cívicas’ en cada unha das 7 cidades nas que se van realizar o día 11 de xuño, serán comunicadas nos próximos días.

Xosé Bernárdez Solla (REDE), 619.955.224

Paulino Campos (REDE), 689.311.500

Sonia Jalda Cores (TReGa), 610.327.938

Isabel Barreiro Taboada (TReGa), 667.458.036

Francisco L. Vázquez Vizoso (MODEPEN), 616.493.971

Gonzalo Baló Mosquera (MODEPEN), 616.635.708